

BARREIROS, MAL REFERENTE PARA OUTROS CONCELLOS

Froilán Pallín Seco*

En xuño, ADEGA presentou ante o Ministerio Fiscal unha denuncia penal contra o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, por presunto delito de prevaricación urbanística, desacato ao poder xudicial, contra a Facenda Pública e por desviación de poder. O motivo foi a aprobación polo Consello da Xunta do Plano Sectorial de Barreiros, a través do cal se pretenden legalizar as licenzas outorgadas polo alcalde popular, Afonso Fuente Parga, en 2006 e que foran recorridas pola anterior Xunta por ser outorgadas en solos urbanos non consolidados ou que non contaban cos servizos mínimos obrigados (abastecemento de auga potábel, saneamento, subministro de potencia eléctrica ou iluminación pública).

X. Chao



Unha das obras en Barreiros cuxa licenza foi recorrida ante os tribunais polo anterior goberno da Xunta.

Alén do ámbito político-administrativo, o conselleiro desiste de continuar cos procedementos contenciosos presentados pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Consello da Xunta aproba retirar 21 recursos xudiciais presentados polo anterior Executivo que desbloquean as obras de máis de 3.000 vivendas, malia que as primeiras sentenzas emitidas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) sobre algunhas destas licenzas ratifican a súa ilegalidade. O Plano Sectorial de Barreiros vén acompañado dun convenio entre a Consellaría de Medio Ambiente, Augas de Galiza, a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros polo que destinan 14 millóns de euros das arcas públicas para intentar arranxar esta desfeita urbanística e suplir a deficiencia de servizos.

A consumación deste Plano Sectorial suporía un agravio comparativo fronte aqueles promotores e propietarios que cumpren coa legalidade vixente e fronte a calquera cidadán que, ante unha denuncia por infracción urbanística, se ve obrigado ao derribo das obras realizadas. Pero a consecuencia máis grave sería a desaparición na práctica de toda a legalidade urbanística vixente, quedando relegada á discrecionalidade e

arbitrariedade do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e/ou do rexedor municipal de quenda.

Así, Barreiros sentaría un precedente de actuación no que os cartos públicos estarían destinados a salvagardar as ilegalidades urbanísticas dos concellos. Nesa tesitura atopamos unha longa li-

"A consumación do Plano Sectorial de Barreiros suporía a desaparición na práctica de toda legalidade urbanística vixente no país"

taxe de municipios que agardan poder legalizar as súas obras ilegais. Todo isto baixo o amparo e a compracencia desmedida dalgúns alcaldes que utilizan o desenvolvemento urbanístico como "opio" do pobo.

Mais semella que ese "opio" do pobo funciona a meirande parte das veces. Malia o coñecemento por parte da sociedade e das administracións da existencia de mafias e de ilegalidades urbanísticas, delitos de prevaricación,

malversación de fondos públicos, tráfico de influencias, suborno, etc., poucos casos coñecemos nos que conselleiros, alcaldes, concelleiros, promotores ou funcionarios sexan inhabilitados ou condenados.

CONCELLOS NO PUNTO DE MIRA

No punto de mira da especulación mais salvaxe está o litoral galego e, de xeito especial, as Rías Baixas, a Costa da Morte, a Área Metropolitana da Coruña e agora tamén a Mariña Luguesa.

Miño

A comezos de 2001 o alcalde e FADESA asinan un convenio para promover unha urbanización en Perbes (San Xoán de Vilanova). En 2002, tres meses antes da aprobación do Planeamento Xeral, decídese en pleno a expropiación de 1,5 millóns de m² para a construción de 1.200 vivendas. Posteriormente, o Supremo anula a cesión dos terreos a FADESA e o Concello de Miño adquire unha débeda cos donos das propiedades expropiadas de 7 millóns de euros.

Sanxenxo

É, para algúns, a "Marbella galega" e Telmo Martín, o paradigma de alcalde-

promotor. O edil de urbanismo, o popular Francisco Villaverde, construíu un chalé na antiga marisma do regato de Dorrón, en zona de dominio público, co amparo de Cristina de Paz, Xefa Provincial de Costas, á súa vez propietaria doutra edificación en zona protexida e recalificada polo concello. O TSXG en 2008 anulou a primeira das licenzas e outro fallo dese mesmo ano anulou a construción dunha urbanización de 407 vivendas. En 2010 o TSXG ratificou o derrubo de 16 vivendas unifamiliares.

Por outra banda, o Plan Xeral de Sanxenxo de 2003 foi mudado para beneficiar entre outras a Jolva S.L., unha das empresas fundadas por Sito Miñanco e a súa dona, que construíu 38 chalés a pé de praia.

Fisterra

A linda paisaxe da Langosteira viuse de súpeto sementada de edificios sen planificación urbanística e sen servizos básicos destinados aos veraneantes. O concello deu licenzas en solo non edificábel. Así, a "recta da Anchoa", á entrada a Fisterra, encheuse de pisos baleiros. A finais do 2006, a D.X. de Urbanismo declarou ilegais 168 vivendas de 391 revisadas. Agora, o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, négase a pedir a execución de sentenza para a súa demolición.

Gondomar

En 2007 o pleno do concello paraliza o plan urbanístico ante a presión veciñal e edil do BNG, Domingos Solla, abandona a localidade tras sufrir un atentado contra a súa integridade física, presuntamente, por ter presentado denuncias urbanísticas.

O ex-alcalde do PP, Carlos Silva, xunto con cinco concelleiros, é condenado en decembro de 2008 por prevaricación urbanística continuada, ano e medio de cárcere e oito anos de inhabilitación para cargo público. Tras unha moción de censura, os tránsfugas levantan a prohibición de construír e obs-trúen unha orde de demolición. A dous meses da eleccións municipais prohibenprohiben á secretaria do concello emitir informes urbanísticos e, posteriormente, a Fiscalía investiga unhas 30 licenzas outorgadas á marxe da secretaria. En xullo, o TSXG condena a dous concelleiros e ao arquitecto por delito de suborno, a unha multa de máis de 650.000 euros e a un ano de inhabilitación para cargo público.

X. Chao



Recentemente a Xunta de Feixó retirou 21 recursos xudiciais presentados polo anterior Exectivo contra o concello de Barreiros, co gallo de desbloquear a construción dunhas 3.000 vivendas pendentes aínda de resolución.

Nigrán

O escándalo salta a mediados de 2006, cando se ía aprobar o Planeamento Xeral. O pobo de Nigrán mobilízase e a Fiscalía investiga o patrimonio do alcalde e de cinco concelleiros denunciados por tráfico de influencias. En novembro de 2007, por orde xudicial, o concello derruba dous chalés na Ramallosa, mentres que o concelleiro Alberte García Pazos reside e posúe unha casa ilegal desde 2002. Ao igual que en Gondomar, en Nigrán os concelleiros que denunciaron estes procederes delituosos sufriron ameazas e ataques ás súas propiedades.

Sada

A finais de 2005, a D. X. de Política Territorial recorre xudicialmente varias licenzas por entender que incorrían en nulidade de pleno dereito. Un ano despois, a Xunta suspende o planeamento municipal e os tribunais declaran ilegais 154 vivendas por seren vivendas plurifamiliares construídas en solo de núcleo rural. Agora dúas promotoras reclaman ao concello 3,52 millóns de euros de indemnización.

Baiona

O alcalde, Xesús Vázquez Almuíña, ten unha sentenza de derrubo sobre a súa propia casa, ademais de estar impu-tado, xunto con varios concelleiros e funcionarios, por presunta prevaricación e intento de legalización de edificacións na zona vella. Ao mesmo tempo, a Fiscalía presenta unha querela contra o alcalde por favorecer presuntamente ao dono dun hotel-balneario, sobre o que pesa unha orde de demolición.

Tui

O rexedor popular, Feliciano Fernández Rocha, foi condenado a sete anos de inhabilitación para cargo público e unha multa de 6.000 euros por tres delitos de prevaricación urbanística en setembro de 2005.

O Grove

En 2010, o TSXG ordena a demolición de 52 chalés na praia de Raeiros, tras dúas ordes de paralización das obras. Unha das vivendas é propiedade dun irmán do Conselleiro de Cultura, Roberto Varela.

A Guarda

En 2007 o TSXG ordena a demolición de 21 vivendas. O alcalde socialista, Xosé Manuel Domínguez Freitas, é sancionado por non executar a sentenza.

Cabanas

A alcaldesa é inhabilitada durante oito anos por prevaricación urbanística.

Cambre

O alcalde é investigado pola fiscalía polos seus presumíbeis negocios urbanísticos.

Aranga

A fiscalía do TSXG denuncia o alcalde e dous responsábeis da empresa Promotora de Vivendas Urbanas por uso de información privilexiada na merca de 330 hectáreas de solo rústico no monte Santiso que, tras sufrir un incendio, foron recalificados polo concello.

* Froilán Pallín Seco é Secretario Xeral de ADEGA.